



NOVA CONDENA DO TSXG A CITROËN POR VULNERAR O DEREITO Á NEGOCIACIÓN COLECTIVA DA CUT. O TRIBUNAL SANCIONA CON 30.000 € Á EMPRESA.

A EMPRESA VEN DE SUFRIR UN SEVERO REVÉS XUDICIAL, AO CONSIDERAR QUE O SISTEMA DE TRABALLO A DISTANCIA NO QUE AS TRABALLADORAS E TRABALLADORES ASUMEN PARTE DOS CUSTOS DE PRODUCCIÓN DEBE SER NECESARIAMENTE NEGOCIADO.

Vigo, 13 de xuño do 2023

Contacto: Vitor Manuel Mariño Fernández
Secretario da Sección Sindical da CUT Citroen 695151270
citroen@cutgaliza.org

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) en sentenza 02660/2023, ven de condenar novamente a Stellantis Vigo, por vulneración de dereitos fundamentais e da liberdade sindical a representación das persoas traballadoras, e neste caso a CUT como único sindicato demandante. A sentenza declara nulo o acordo individual de tele-traballo e acredita 3 vulneracións a liberdade sindical polas que a empresa ten que indemnizar a CUT con 30.000€.

Unha vez máis ponse de manifesto a clara política antisindical que ten esta empresa de cara a CUT, a única central sindical que lle fai fronte. O ninguneo continuado ao que pretende someternos, ocultándonos continuamente a información indispensable para poder actuar na defensa das persoas traballadoras e limitando a nosa acción sindical, ao que agora e unha vez máis con esta nova sentenza, ponlle freo o TSXG. Lembrar que xa son varias as sentenzas que sancionan a Citroen (STELLANTIS Vigo) por vulnerar dereitos fundamentais da CUT Citroen.

A sentenza ditamina que, o acordo de tele-traballo que **foi imposto unilateralmente pola empresa, é nulo**, e mais a vista das diferentes cláusulas que nel se recollen:

.- Dificulta dereitos de conciliación as persoas que de adhiran ao acordo individual de tele-traballo.

.- Establece condicións de equipamento tamén a cargo da persoa traballadora como pode ser o internet, cando é a empresa quen debe de facilitalo.



.- A compensación económica realizada pola empresa de 120€ brutos/ano que compensaría de xeito global a situación de tele-traballo, non pode ter consideración de salario, xa que sería transformar parte do salario en indemnizacións ou suplidos, **reducindo o salario por esta vía.**

.- Condiciona os límites da desconexión dixital, ao poder establecer comunicacións urxentes fora da xornada laboral das persoas traballadoras. (disto no taller sabemos bastante).

Este acordo imposto contou co silencio de (SIT, UGT e CC.OO).

A recente sentenza do TSXG declara a vulneración de dereitos fundamentais e da liberdade sindical:

.- Ao ser imposto e non negociado; e falla de resposta aos requirimentos da CUT.

.- Acordo elaborado unilateralmente intentando desvirtuar a intervención sindical nas condicións do traballo a distancia.

.- Retraso na entrega das copias das persoas en tele-traballo.

Salientar que esta política antisindical, sufríamola día a día as persoas que representamos a CUT, pero sobre todo **sófrena as nosas afiliadas e afiliados** nos seus postos de traballo, que, **por presumiblemente por ser afiliadas/os á CUT**, corren o risco de sancións indiscriminadas, limitación das súas carreiras profesionais, dificultades no exercicio de dereitos que a outras persoas si se lle recoñecen, avisos e amoestacións.... e un longo etcétera; **situación esta que se suma, a unhas condicións de traballo inasumibles con unha carga de traballo a un ritmo imposible, e aos problemas de saúde derivados dos postos.**

Finalmente, a CUT CITROEN debe lamentar a actitude da dirección que mantén unha posición e talante pouco negociador, e que pretende condicionar a actividade sindical ocultándonos reiteradamente información indispensable, onde o sindicalismo maioritario asiste como marioneta da empresa.



Cando dentro duns meses se negocie o convenio colectivo, esta maioría sindical debera estar a carón da clase traballadora, impedindo un empeoramento das nosas condicións.

A CUT non permitirá máis retrocesos i estrara ao fronte na defensa dos interese económicos, sociais e laborais das persoas traballadoras .

*Axuntamos sentenza.

Nota de Prensa

